



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Asesoramento en explotacións agrarias

**CONVOCATORIA:** AUTONOMICO, 1ª convocatoria

**GRUPO:** Consellería de Medio Rural

**ÁREA:** Consellería de Medio Rural

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	50
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O curso enmárcase dentro da formación continua do persoal técnico da administración autonómica con competencias en asesoramento ao sector primario, co obxectivo de actualizar coñecementos normativos, técnicos e metodolóxicos necesarios para o correcto exercicio das funcións de apoio ás explotacións agrarias galegas.

De forma específica preténdese:

- Reforzar o coñecemento dos modelos actuais de asesoramento agrario no marco europeo, estatal e autonómico.
- Potenciar o papel do persoal técnico público como axente clave do sistema AKIS.
- Preparar ao persoal para a aplicación práctica das novidades da PAC 2026 e da condicionalidade reforzada.
- Mellorar as competencias en materia de xestión da terra e contratación rústica.
- Analizar o contexto estratéxico futuro da política agraria europea.
- Incorporar ferramentas dixitais e innovacións aplicables ao asesoramento técnico das explotacións.

### DESTINATARIOS

O curso vai dirixido prioritariamente a:

- Persoal técnico dos Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias.
- Persoal técnico das Oficinas Agrarias Comarcais e Oficinas Rurais.
  - Persoal da administración autonómica con funcións directas de asesoramento ao sector primario. Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

### PROGRAMA

#### MÓDULO 1 – ASESORAMENTO AGRARIO (5 horas)

- Modelos de asesoramento agrario.
- O asesoramento ás explotacións agrarias na Unión Europea, España e Galicia.
- O sistema AKIS: estrutura, actores e coordinación.
- O papel do asesoramento público e privado.
- Función estratéxica do persoal técnico no marco da PAC.

#### MÓDULO 2 – O TRABALLO DO/DA ASESOR/A AGRARIO/A (5 horas)

- Funcións profesionais do persoal técnico nas oficinas agrarias.
- Metodoloxía de análise e diagnóstico das explotacións.
- Técnicas de comunicación e relación coas persoas titulares das explotacións.
- Xestión de conflitos e resistencia ao cambio.
- Análise de casos prácticos reais.

#### MÓDULO 3 – NOVEDADES PAC 2026. CONDICIONALIDADE REFORZADA (5 horas)

- Evolución da PAC e transición normativa cara 2026.
- Condicionalidade reforzada: obrigas e control administrativo.

- Eco-réximes e impacto nas explotacións galegas.
- Novos requisitos ambientais e sociais.
- Supostos prácticos de asesoramento PAC.

#### MÓDULO 4 – CONTRATOS RÚSTICOS E XESTIÓN DA TERRA (5 horas)

- Arrendamentos rústicos: tipoloxía e regulación.
- Compra-venda de terras agrarias.
- Aparcería e figuras tradicionais.
- Banco de Terras de Galicia.
- Problemática das herdanzas non resoltas.
- Papel do persoal técnico como orientador e mediador.

#### MÓDULO 5 – AXENDA 2030 E FUTURO DA POLÍTICA AGRARIA (5 horas)

- Estado actual da Axenda 2030 no sector agrario.
- Estratexia europea “Da granxa á mesa”.
- Liñas estratéxicas da futura PAC 2028–2034.
- Impacto do acordo Mercosur no sector primario.
- Retos estruturais: sustentabilidade, rendibilidade e relevo xeracional.

#### MÓDULO 6 – DIXITALIZACIÓN E FERRAMENTAS DE APOIO AO ASESORAMENTO AGRARIO (5 horas)

- Caderno Dixital de Explotación Agraria: implantación e obrigas.
- Uso práctico de SIGPAC e sistemas de información xeográfica.
- Ferramentas dixitais de apoio á xestión PAC.
- Sistemas de apoio á toma de decisións (DSS).
- Agricultura de precisión aplicada ao asesoramento.
- Introducción á intelixencia artificial no ámbito agrario.
- Casos prácticos de dixitalización nas oficinas agrarias.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

En primeiro lugar o persoal que presta servizos nas unidades dependentes da S.X de Explotacións Agrarias e no Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias.

En segundo lugar o persoal das oficinas rurais

En terceiro lugar o resto de persoal da Xunta de Galicia

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 18/05/2026 a 02/06/2026

**NUM. PRAZAS:** 30

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 02/06/2026 ás 17:30h

#### DOCENTES NOMEADOS

JUAN MANUEL MARTÍNEZ BARRAL

Alejandro Martínez Verez

Anisia Arias Vázquez

Sabino Muíño Varela

Beealia, S.C.

OVICA, Asoc. Criadores Ovino e Caprino de Galicia

Animalvit, SL

Axiña, SCG

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 12:** Os días 18, 19, 20, 25, 26 e 27 de maio de 09:00 a 15:00. Os días 01 e 02 de xuño de 09:00 a 15:00. O día 02 de xuño de 16:00 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

